

Domicilio social: A Batundeira, 2, 32960 Velle.

Denominación: L.M.T., C.T. Godexás.

Situación: concello de Barbadás.

Características técnicas: L.M.T. subterránea a 20 kV de 570 m con condutor R.H.Z.1 e orixe na cela de liña do C.T. As Quintas-Piñor (32CAQ4) e remate no C.T. proxectado prefabricado Godexás de 160 kVA e R/T 20.000/400-230 V. Orzamento: 42.389,53 euros.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no capítulo II do título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este departamento territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada perante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Ourense, 22 de maio de 2009.

Gabriel Diéguez Domínguez  
Xefe territorial de Ourense

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Resolución do 29 de abril de 2009 pola que se fai pública a adjudicación do concurso público, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a contratación dunha póliza de responsabilidade civil e de accidentes corporais para dar cobertura á actividade levada a cabo polo alumnado de formación profesional na realización de prácticas en empresas. (Expediente SXEEFP 01/09).*

Por Resolución do 6 de marzo de 2009 (DOG do 12 de marzo) anunciouse, polo sistema de concurso público, procedemento aberto e tramitación ordinaria, a contratación dunha póliza de responsabilidade civil e de accidentes corporais para dar cobertura á actividade levada a cabo polo alumnado de forma-

ción profesional na realización de prácticas en empresas.

Cumpridos os trámites que en materia de contratación prevé a vixente Lei de contratos do sector público, así como os requisitos establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares e demais lexislación vixente, e con base na proposta formulada pola mesa de contratación reunida o día 7 de abril de 2009,

### RESOLVO:

Adjudicar o concurso convocado pola Resolución do 6 de marzo de 2009 a:

*Allianz, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.*,  
CIF: A28007748.

Importe: 119.704,58 €.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2009.

P.D. (Orde 26-8-2005)  
José Luis Vázquez Fernández  
Secretario xeral da Consellería de Educación  
e Ordenación Universitaria

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

*Anuncio do 28 de xaneiro de 2009, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de reclasificación do recurso da sección A) á sección C) da explotación mineira canteira Forgoselo 58.*

A Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria da Coruña fai saber que a sociedade *Áridos de Forgoselo, S.L.* solicitou a reclasificación do recurso da sección A) á sección C) da explotación mineira Forgoselo nº 58, sita no concello das Pontes na provincia da Coruña.

O que se fai público, de acordo co disposto no artigo 86 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para que calquera que se considere interesado faga as alegacións que estimen axeitadas no prazo de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte a publicación deste anuncio.

A Coruña, 28 de xaneiro de 2009.

José Luis Barcia Picos  
Delegado provincial da Coruña